



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11-02-2016, foi aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o concurso público para a concesión dos postos vacantes núm 2, 3, 4 e 5 do Mercado Municipal de Portomarin sitos na Rúa Sanchez Carro nº16.

1.- Entidade adxudicadora.

Organismo: CONCELLO DE PORTOMARIN

2.- Obxecto do contrato.- O arrendamento dos seguintes locais conforme ás condicións establecidas no prego aprobado:

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL N°2

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarin.
- Destino: Froitas, verduras e demais produtos alimenticios.
- Superficie: Construída 34,45 metros cadrados e útil 26,16 metros cadrados.
- Garantía provisional: 1.280,99 €

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL N°3

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarin
- Destino: Pan e derivados da fariña, leite e os seus derivados.
- Superficie: Construída 54,91 metros cadrados e útil 43,22 metros cadrados.
- Garantía provisional: 2.041,78 €

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL N°4

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarin
- Destino: Mariscos, pescados e derivados e conxelados.
- Superficie: Construída 35,42 metros cadrados e útil 27,30 metros cadrados.
- Garantía provisional: 1.317,06 €

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL N°5

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarin



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

- Destino: Carnicería, chacinería, produtos cárnicos e derivados.
- Superficie: Construída 35,06 metros cadrados e útil 27,40 metros cadrados.
- Garantía provisional: 1.303,67 €

3.- Forma adxudicación:

- Forma: concurso público.
- Tramitación: ordinaria.
- Procedemento: aberto.

4.- Tipo de licitación. O tipo de licitación, mellorable á alza, será:

Posto nº2 mil douscentos oitenta euros con noventa e nove centimos de euro (1.280,99 €), impostos incluídos.

Posto nº3 dous mil corenta e un euros con setenta e oito centimos de euro (2.041,78 €), impostos incluídos.

Posto nº4 mil trescentos dezasete euros con seis centimos de euro (1.317,06 €), impostos incluídos.

Posto nº5 mil trescentos tres euros con sesenta e sete centimos de euro (1.303,67 €), impostos incluídos.

5.- Criterios de adxudicación:

Único: Mellora do prezo de licitación establecido como mínimo nestes pregos, non se valorarán criterios distintos ao sinalado.

6.- Obtención de documentación e información.

Concello de Portomarin (registro xeral) Praza Condes de Fenosa s/n Portomarin e no Perfil de Contratante da páxina web do concello (www.concellodeportomarin.es).

7.- Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: Vinte días Hábiles contados a partir do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, tableiro de anuncios do Concello, no Perfil de Contratante da páxina web do concello (www.concellodeportomarin.es) e nos diarios el Progreso e La voz de Galicia.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

b) Documentación a presentar: A especificada nas cláusulas do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: As ofertas presentaranse no Concello de Portomarin Praza Condes de Fenosa s/n, en horario de atención ao público. Tamén poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Alcalde.

Juan Carlos Serrano López